

ANUNCIO DE INFORMACIÓN PÚBLICA

Asunto: Proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para a execución do planeamento: Plan especial de protección, infraestruturas e dotacións en Razo - Arnados (PE2) - Etapa 1. *Aprobación inicial e información pública.*

Expediente: 2024/U040/000005

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria que tivo lugar o 3 de novembro de 2025, acordou aprobar inicialmente o proxecto de expropiación forzosa de obtención dos terreos para a execución da actuación da etapa 1 do *Plan especial de protección, infraestruturas e dotacións en Razo-Arnados (PE2)*, correspondente á dotación do aparcadoiro público (P1) e os viais que o rodean (V-2.1; V-2.2 e V-2.3), polo procedemento de taxación conxunta, segundo o documento redactado pola entidade Estudio Técnico Gallego, S.A., asinado polo arquitecto Isidro López Yáñez (colexiado nº 2261 COAG) e a enxeñeira técnica agrícola Beatriz Blanco Lois (colexiada nº 1909), presentado en data 05/02/2025 (registro de entrada núm. 202599900000658) no que se inclúe a delimitación territorial do ámbito, a descrición de bens e dereitos e titulares afectados, a fixación de prezos e as follas de xusto prezo individualizadas.

Polo que se somete a información pública, polo prazo dun (1) mes, para que as persoas que se consideren interesadas formulen as observacións e reclamacións que estimen convenientes, en particular no relativo á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.

Así mesmo, requíreselle aos titulares dos bens e dereitos afectados para que acheguen os títulos que os acrediten como propietarios dos mesmos. Advírteselles que este anuncio serve de notificación no caso de que estes sexan descoñecidos ou se descoñeza o seu enderezo, segundo o previsto no artigo 44 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A relación de bens e dereitos afectados polo expediente expropiatorio é a seguinte:

RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS

N.º de finca	1
Titular	En investigación
Referencia catastral	15019A044001090000ID
Clasificación urbanística PXOM	Solo rústico de especial protección agropecuaria
Situación básica do solo	Rural
Destino	Pasto
Superficie total (m²)	92.113
Superficie afectada aparcadoiro e viais perimetrais (m²)	11.164

O documento estará a disposición dos interesados na Oficina Técnica Municipal en horario de 10.00 h ás 13.00 h e neste taboleiro.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



Carballo, 14 de novembro de 2025

O alcalde
José Daniel Pérez López